



## Presentación

A actual situación económica supón un reto moi importante para as empresas, en especial as de máis recente creación. O desenvolvemento de habilidades e capacidades adecuadas son un factor crucial para reforzarse no mercado e crecer ó longo do tempo.

Neste contexto, o Proxecto MEDRA é unha acción de apoio continuado e persoalizado ás empresas novas, empregando os instrumentos máis axeitados ás súas especificidades.

O Proxecto MEDRA diríxese a pequenas e medianas empresas **de non máis de 4 anos de existencia** e que, posuíndo polo menos unha pequena estrutura, teñen interese en mellorar a súa potencialidade competitiva.

## Metodoloxía do proxecto

1. Auto-diagnóstico asistido que nos permitirá coñecer e tipificar as características xerais da empresa interesada
2. Elaboración de unha Visión de empresa que responda á pregunta ¿Cara onde quero ir no futuro como empresa?, considerando as informacións do autodiagnóstico e apoiada por consultores especializados
3. Itinerarios de formación - acción adaptados e personalizados á tipoloxía de empresa e á súa visión